

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Agosto 2021

DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Agosto 2021

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	48.139	7.903	94.974	17.604	16.999	15.909	41.146
Noites	124.385	18.830	186.392	32.901	29.900	33.205	108.404
Var. Int. Viax. 21/19	-14,1%	3,8%	-7,4%	-24,2%	-0,7%	-13,8%	-16,4%
Var. Int. Noites 21/19	-11,8%	-8,4%	-1,5%	-15,8%	-1,7%	-8,3%	-11,6%
Estadía Media	2,58	2,38	1,96	1,87	1,76	2,09	2,63
Var. Int. EM 21/19	9,2%	6,3%	7,1%	17,5%	5,6%	6,5%	5,5%
% Ocupación	74,18%	67,56%	77,92%	63,20%	72,76%	80,26%	77,01%
Var. Int. Ocupac. 21/19	-8,66	-3,84	2,43	-10,52	-0,50	-7,72	-3,46
Prazas	5.236	867	7.036	1.630	1.304	1.316	4.424
Var. Int. Prazas 21/19	-0,7%	0,1%	-8,8%	-3,8%	0,2%	0,6%	-7,3%





Notas

- No pasado mes de agosto os destinos urbanos de Galicia rexistran un importante nivel de demanda tendo en conta o contexto de pandemia actual e as circunstancias propia da quinta onda, consolidando a recuperación iniciada a partir da finalización do estado de alarma e do período de desescalada posterior aos primeiros meses do ano. Tal circunstancia é notoria, por exemplo, na cidade de Santiago que consolida o liderazgo do turismo urbano na comunidade logo dun período de cifras baixas.
- Así, neste segundo mes do verán Santiago posiciónase como o principal destino urbano de Galicia, absorbindo o 35% do total das cidades –con máis de 186 mil noites-. Sitúanse a continuación A Coruña, con algo máis de 124 mil noites –destino que nestes últimos meses absorbía a maior parte da demanda da comunidade-, e Vigo, con máis de 108 mil noites neste caso. Boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto preto do 80% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe case equivalente á observada no pasado mes de xullo-.

- O 20% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo Ferrol o destino de menor volume e peso neste mes de agosto –absorbe o 3,5% do total urbano-.
- En termos dinámicos obsérvase neste período un comportamento relativamente homoxéneo no sentido de que todos os destinos superan os niveis do pasado ano –en porcentaxes importantes aínda que variables, destacando sobre todo os incrementos rexistrados en A Coruña e Compostela que dobran a cifra de agosto de 2020- e ao mesmo tempo todos fican por debaixo dos niveis de 2019.
- Esta dinámica parella dos destinos urbanos esconde en todo caso certas diferenzas en termos de intensidade. Neste sentido, e tomando como referencia os niveis anteriores á crise, os niveis de recuperación varían levemente entre as cidades sendo que todas fican relativamente cerca dos valores de 2019. Santiago e Ourense presentan mellores cifras de recuperación pois achégase ao volume de demanda previo á pandemia. Ferrol e Pontevedra amosan tamén niveis de recuperación notables, levemente inferiores ao 90%, ficando Lugo como o destino de peor comportamento en termos relativos –sitúase neste mes no contorno do 85% da demanda de agosto de 2019-. Vigo e A Coruña acadan case o 90% das noites hoteleiras de hai dous anos.
- A mellora dos datos respecto do pasado ano amosa tamén diferenzas de intensidade. O incremento é máis notorio en Santiago –supera en pouco máis do dobre os valores de 2020 grazas ao incremento da cifra de viaxeiros aloxados e á mellora da estadía media-, e en A Coruña –que dobra as cifras do pasado ano-. No lado contrario é Ferrol o destino que presenta ata o de agora unha inercia máis lenta, cun incremento do 21% sobre as cifras de agosto de 2020 –tal circunstancia débese en parte a que Ferrol sufriu en menor medida os embates da crise, de aí que a diferenza cos valores do ano pasado sexa inferior á dos restantes destinos-.
- O turismo nacional é maioritario en todas as cidades, en porcentaxes que van do 83% en Vigo ao 94% en Lugo. Neste ano 2021, tanto agora en agosto coma nos sete meses anteriores, o turismo internacional apenas ten presenza na nosa comunidade e, en consecuencia, nos destinos urbanos. Lugo é neste sentido a cidade con menor peso deste segmento.
- En termos dinámicos apréciase mellor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional en todas as cidades de Galicia, sendo que ambos presentan variacións dispares. Tomando como referencia os niveis previos á crise o mercado nacional supera, no conxunto dos destinos urbanos, non só os niveis de 2020 senón tamén os de 2019 –nun 5,7%- con mellor comportamento en Santiago, Ourense e Pontevedra -que conseguen situarse por encima dos valores previos á pandemia- fronte ás restantes cidades que fican por debaixo, pero moi preto, das cifras de agosto de 2019.
- O mercado internacional, en cambio, apenas chega ao 50% da demanda de agosto de 2019 -porcentaxe que oscila entre o 40% de recuperación en Lugo a algo máis do 60% en Ferrol e Ourense-.
- Neste contexto marca diferenza a cidade de Santiago pois o incremento rexistrado colócaa en máximos históricos de demanda nacional no mes de agosto, con máis de 156 mil noites. Acontece isto por segunda vez consecutiva pero contraponse en boa medida ao observado durante a pandemia, e permite a Compostela liderar o turismo urbano nacional en Galicia con niveis nunca vistos. En Ourense e Pontevedra o comportamento é tamén notorio non tanto pola intensidade senón pola dinámica positiva que presentan ambos mercados, superando o turismo nacional as cifras de 2019 nun 3,6% e

3,4%, respectivamente. Ambas cidades rexistran tamén neste ano máximos históricos de demanda nacional no mes de agosto, con preto de 28 mil noites a primeira e máis de 29 mil noites a segunda.



- A estadia media varía nas diferentes cidades de Galicia marcando o valor máis elevado A Coruña e Vigo, con 2,6 noites. Ferrol rexistra tamén unha cifra importante, de 2,4 noites, mentres que as restantes cidades fican con valores máis baixas, de algo máis de dúas noites en Pontevedra, de dúas noites en Santiago, e de menos de dúas noites en Lugo e Ourense –destinos este último que marca a cifras máis baixa con menos de 1,8 noites-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos apréciase tamén no lado da oferta de aloxamento. Neste sentido todas as cidades rexistran niveis de oferta iguais ou superiores aos do ano pasado –con incrementos notables en A Coruña, do 30%, ou en Lugo, do 10%- e semellantes aos de 2019. As excepcións veñen da man de Santiago e Vigo que recuperan pouco máis do 90% das prazas que ofertaban en agosto de 2019. En cambio, Ferrol, Ourense ou Pontevedra sitúanse xustamente no nivel previo á pandemia.
- O bo comportamento da demanda leva a melloras notables dos niveis de ocupación en relación ao observado no pasado ano 2020. Os incrementos son xeneralizados e só varían en intensidade, sendo máis elevados en Santiago –onde se rexistra unha suba de 33 puntos- e menos acusados en Ferrol –cunha mellora neste caso de 20 puntos-.
- Con todo, as cifras de ocupación seguen por debaixo dos niveis acadados en 2019 se ben as diferenzas entre destinos son importantes. Marca a excepción Santiago, que consegue superar en máis de dous puntos a cifra previa á pandemia e marcar un valor só inferior ao de 2017 en toda a serie histórica. En Ourense os niveis de ocupación achéganse aos niveis de 2019 mentres que nas restantes cidades as diferenzas son maiores –de catro puntos en Ferrol e Vigo, do contorno dos oito puntos en A Coruña e Pontevedra e de algo máis de dez puntos en Lugo-.
- Cun 80,3% de ocupación media Pontevedra marca a porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia neste segundo mes do verán. Sitúase a continuación Santiago, con case o 78%, e Vigo, co 77,0% neste caso. A porcentaxe máis baixa rexístrase en Lugo, cun 63,2% de media en agosto.
- As tarifas hoteleiras superan os 90 euros de media en dúas cidades –A Coruña e Santiago- marcando esta última a cifra máis alta con 95,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada. En Vigo as tarifas medias sitúanse en 88,5 euros mentres que en Lugo fican por debaixo dos 60 euros. Os prezos medios subiron en todas as cidades, cun incremento máis notorio en Compostela –do 42%- e máis suave en Ourense –do 13% neste caso-.
- O bo comportamento da demanda acontecido ademais nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras leva a melloras importantes da rendibilidade hoteleira nas cidades de Galicia. En todas elas se superan as cifras do pasado ano, en porcentaxes variables pero importantes –no caso de Santiago e Lugo o crecemento supera o dobre de 2020- que permiten superar os 70 euros de ingreso medio por habitación dispoñible en A Coruña, Santiago e Vigo –xustamente a primeira delas marca o nivel máis alto con 78,1 euros de media-. Lugo rexistra, en cambio, a cifra máis baixa con 43,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, agosto 2021

Variación da demanda turística nas cidades. Noites agosto 2021/19

Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Agosto 2021

Nivel de ocupación e variación interanual. Agosto 2021



ENQUIZA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

Destinos urbanos – Agosto 2021

Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, agosto 2021



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Agosto 2021



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Agosto 2021

